Sprint MOTOR
www.sprintmotor.com

Bo Nadal e Venturoso 2006

• presentación

CITROËN C6

...un coche digno dun Conselleiro

Novas >> Páx. 4
Técnica >> Páx. 10
Actualidade galega >> Páx. 12

Hay que ser el mejor en todos los terrenos para estar entre los grandes.

Kia SORENTO diesel CRDI desde 25.487€*

Motor Diesel Common Rail de inyección directa 2.5 16V (140 CV)

Motorizaciones Gasolina 2.4 (139 CV) y 3.5 V6 (195 CV)

www.kia.es | 24 horas asistencia Más de 180 Puntos Oficiales | 3 años de garantía de serie

KIA MOTORS The Power to Surprise

AUTOMÓVILES FERNÁNDEZ: Avda Rosalía de Castro 67 - Milladoiro - Ames. SANTIAGO DE COMPOSTELA. Tel.: 981 52 49 66.

*PVP recomendado Península y Baleares (IVA, Transporte, impuesto de matriculación, Plan Prever y descuento promocional incluidos). Emisiones CO2 desde 226 hasta 298,8 g/Km. Consumo combinado desde 8,5 hasta 12, 59 L/100Km. Oferta válida hasta fin de mes para vehículos en stock.

NOYASTAR
CONCESIONARIO OFICIAL
Exposición e Taller:
Polígono Industrial do Tambre
Teléf.: 981 577 778 • SANTIAGO

www.fiatpunto.com

Directiva CE 1999/100: consumos (l/100 km) desde 4,6 a 6,1 (ciclo mixto). Emisiones de CO_2 (g/km) desde 122 a 154.

IV Edición Premios

Sprint MOTOR

Para participar hai que cubrir o boletín e envialo á redacción de *Sprint Motor*. Este boletín saíra nos números de decembro de 2005 e de xaneiro de 2006 ano. Os nomes dos gañadores do concurso, ó igual co resultado dos premios, publicaranse no número 108 (febreiro).

Un ano máis iniciámo-la busca do mellor do mundo do motor, tanto máquinas coma persoas. É o noso xeito de contribuír a ensalzar eses modelos e esas persoas tan admiradas polo seu bo facer.

Con esta filosofía naceron xa hai catro anos os premios *Sprint Motor*, para premiar sobre todo, a través dos nosos lectores, a todos eses homes e mulleres que traballan duramente por mellora-lo noso deporte e a nosa industria.

Esta edición os premios outorgados son os seguintes:

- Coche do Ano 2006
- Monovolume do Ano 2006
- Todoterreo do Ano 2006
- Mellor Piloto 2006
- Mellor Organización dun Evento do Motor 2006
- Mellor Patrocinador do Motor 2006
- Galardón *Sprint Motor* 2006

Tódolos premiados serán elixidos polos lectores, agás o Galardón *Sprint Motor* 2006 que será outorgado pola redacción do xornal a persoa que máis contribuíse durante o 2005 a facer máis grande o motor na área metropolitana de Santiago de Compostela.

Como tódolos seguidores desta publicación sabedes haberá premios para os votantes destes trofeos, exactamente temos 6 sudadeiras de Alfa Romeo, xentileza de **APV Motor** (Concesionario Oficial Alfa Romeo en Santiago) que sortearemos entre tódolos participantes.

Para participar hai que cubrilo boletín e envialo á redacción de *Sprint Motor*. Este cupón sairá nos números 106 e 107. Tamén poderá facerse a través da nosa páxina web (www.sprintmotor.com).

Os nomes dos gañadores das 6 sudadeiras, ó igual co resultado dos premios, publicaranse no número 108 (febreiro).

Máis información en **www.sprintmotor.com**

IV Edición Premios *Sprint Motor*

Coche Sprint MOTOR do Ano 2006 .....

Monovolume Sprint MOTOR do Ano 2006.....

Todoterro Sprint MOTOR do Ano 2006 .....

Mellor Piloto 2006 .....

Mellor Patrocinador do Motor 2006 .....

Mellor Organización dun Evento do Motor 2006 .....

Nome: .....Teléfono: .....

Enderezo:.....

Para participar no sorteo de seis sudadeiras de *Alfa Romeo* de **APV Motor**, enviar o cupón a:

Sprint MOTOR

Urbanización San Sadurniño, rúa B nº21 - C.P. 15880 TEO (A Coruña)

Por que?

SPRINT MOTOR

Practicamente tódolos días os medios de comunicación achegamos novos e tristes datos sobre os accidentes de circulación. Os resultados xa son rutineiros, rara vez nos sorprenden. Moitas das vítimas resultarían con menores lesións e máis leves se levasen por exemplo: o cinto de seguridade posto (tanto nas prazas dianteiras coma nas traseiras), se os cativos fosen sentados correctamente nunha cadeira infantil homologada e adaptada ó seu peso e á súa estatura, se os motoristas utilizasen o casco, se non ocupásemos unha man co teléfono móbil e unha morea máis de cousas elementais, legais e de sentido común. Ata aquí todo claro, así e todo son moitas as persoas que a diario incumpren estas normas fundamentais da seguridade viaria. Por que?

Os xornalistas estamos cansos de repetir sempre os mesmos consellos e recomendacións. Cremos, na nosa desesperación, que "caen en saco roto". Por outra banda, temos clarísimo que é a nosa obriga facer "campaña" sistemática para lembra-las normas de circulación dos vehículos e intentar, a través, dos nosos respectivos medios, mellora-las desgraciadas estatísticas dos accidentes. Por iso nos preguntamos máis de unha vez: por que?

Por que, se coñecémo-las vantaxes de leva-lo cinto de seguridade posto en caso dunha colisión? Non o poñen moitos usuarios, nin os condutores llelo mandan poñer ós ocupantes do seu vehículo. Por que non levámo-los cativos nunha cadeiriña homologada onde serían menos vulnerables en caso dun sinistro? Por que falamos polo teléfono móbil inhabilitando unha man que pode ser fundamental para manexa-la máquina correctamente? Por que non mercamos un aparatiño de "mans libres" para usa-lo móbil que custa 50 euros e preferimos unha multa de 300? Por que imos sen casco na moto cando sabemos que as feridas máis graves en caso dun accidente serían as da cabeza?

Por que? Por que? Por que? esa é a eterna pregunta que nos facemos fronte á pantalla, fronte a un micrófono ou diante dun folio en branco. E preguntámonos, se entre todos eliminásemos esa pregunta, cantos feridos, cantas vítimas mortais, canto sufrimento aforrariamos. Tan doado e, con todo, case imposible. Por que?

De tódolos xeitos nós estamos dispostos, aínda que ás veces caiamos nese desánimo da rutina, en seguir "recalcando" con eses consellos e eses recordatorios habituais que confiamos prenden en máis de un dos nosos lectores, e de seguro nalgún lugar evitarán un sufrimento. Con este pensamento positivo evitámo-la nosa desesperación cando nos facémo-la pregunta: Por que?

Sprint MOTOR

Editor: Sprint Motor
Director: Xurxo Sobrino Morán
Redactores e Colaboradores:
Miguel Cumbraos, Ramón Novo, Juan P. Nartallo, Sevi Martínez, César Raña, Manolo Barreiro, Félix Doce, Fernando Cuadrado, Xabier Vilariño, Ray Mosquera e Rodrigo Medina.

Deseño e maquetación: *AURADISEÑO*
auradiseno@wanadoo.es
SPRINT MOTOR: Urb. San Sadurniño • Rúa B, nº 21
Tfno. e Fax 981 801 458 •
redaccion@sprintmotor.com
www.sprintmotor.com
IMPRIME: Gráficas La Capital
Depósito Legal: C–138/97

NEUMATICOS PERNAS
VENDA, REPARACIÓN, MONTAXE E EQUILIBRADO ALIÑADO ELECTRÓNICO LAMIAS DE ALIAXE LIXEIRA
FIRST STOP NEUMÁTICOS Y SERVICIOS Firestone
NEUMÁTICOS PERNAS: Milladoiro. Tel.: 981 53 62 55 - SANTIAGO DE COMPOSTELA
NEUMÁTICOS PONTEVEA: Pontevea – Teo (A Coruña). Tel.: 981 80 90 49 - Fax: 981 80 91 78

Gran variedad en Desayunos y Platos Combinados
Cafetería
Le Abranza
Montero Ríos, 39 • SANTIAGO
Teléfono 981 593 636

¡Tenemos el bocadillo que más te gusta!
O REI DO BOCADILLO CERVECERIA
Bocadillos
Sandwichs
Hamburguesas
y Pollos Asados
Rosalía de Castro, 23 - Esq. Montero Ríos
Teléfono 981 590 538

Superluxo con supermotor

Maybach, a marca de luxo do grupo DaimlerChrysler, desenvolveu o modelo 57 S equipado cun motor V12 que rende unha potencia de 612 CV. No exterior do modelo destaca o frontal modificado con grella específica e grupos ópticos propios, novas lamias de raios de 20 polgadas e distintivo "57 S" sobre o gardalamas por debaixo do montante dianteiro.

O grupo DaimlerChrysler segue buscando co Maybach unha imaxe de marca exquisita e reservada só a uns poucos, co "57S" vai camiño de conseguilo.

BREVES

■ O Goberno agarda que os biocarburantes representen no ano 2010 preto dun 6% do consumo total de gasolinas e gasóleos para automóbiles, superando así o obxectivo previsto pola Unión Europea. O Goberno prevé aplicar medidas como o apoio público ó desenvolvemento de actividades de investigación e innovación de biocarburantes.

■ Michelin presentou unha campaña contra a presenza de pneumáticos de camión falsificados, procedentes de Asia, que se comercializan en Europa aproveitándose do prestixio da súa marca. "Eses produtos non ofrecen a mesma adherencia e duración cós orixinais, polo que poden ser perigosos", segundo un responsable da marca.

Un diésel de carreiras

Sprint Motor
REDACCIÓN

Audi presentou en París o seu prototipo R10, un vehículo propulsado por un motor diésel co que no 2006 buscará a vitoria nas 24 Horas de Le Mans. Para conseguilo conta co piloto danés Tom Kristensen, sete veces gañador da carreira. O motor do R10 é un V12 de 5 litros e medio de cilindrada e 650 CV de potencia.

"O proxecto do R10 é o maior desafío que Audi Sport afrontou nunca", dixo o director de Audi Motorsport, Dr. Wolfgang Ullrich. "A tecnoloxía TDI aínda non foi levada ós seus límites no deporte do motor, e por iso somos os primeiros en aceptar este reto. As esixencias dun proxecto destas características son, en consecuencia, altas. Proveedores de tecnoloxía de moitos anos como Bosch, Michelin ou Shell, apoiannos neste desafío. Xuntos témo-la oportunidade de escribir novos capítulos na historia do deporte do motor e da tecnoloxía diésel".

Audi loce nos EEUU

Tres automóbiles de Audi foron galardoados co "Top Safety Pick 2006" de prata outorgado polo Instituto de Aseguradores Americanos para a Seguridade en Estrada (IIHS). Estes premios, concedidos pola exhaustiva seguridade para os ocupantes que Audi confire ós seus coches en colisións dianteiras, laterais e traseiras, foron para o A6 na categoría de "Grandes Berlinas" e o A3 e A4 na de "Berlinas Medias".

Ademais, a compañía foi considerada polos expertos norteamericanos como o fabricante máis exitoso no mercado dos EEUU, en termos de seguridade dos ocupantes.

Audi RS4, proximamente nas estradas

Audi iniciará en febreiro a comercialización no noso mercado do modelo RS4, dispoñible co motor V8 de 420 CV. Este automóbil incorpora de serie a tecnoloxía FSI e a última xeración da tracción quattro con distribución asimétrica-dinámica do par motor.

Entre os elementos que inclúe o equipamento deste deportivo, destaca o climatizador automático confort, peche centralizado con control remoto e elevalúas eléctricos na parte dianteira e traseira. Ademais, o RS4 dispón tamén do sistema de aparcamento Audi Parking System diante e detrás, equipo de radio Concert con sistema de son Bose e un tren de rodaxe deportiva con amortiguación variable (DRC). O prezo deste Audi é de 82.200 euros.

HIJOS DE C.V. OTERO, S.A.
Tel: 981 56 17 40 - 981 56 20 01
Fax: 981 58 80 70
Gómez Ulla, 16
SANTIAGO

Nuevo modelo
Piaggio M500, sin carnet.

DISTRIBUIDOR OFICIAL
PIAGGIO

Talleres
BASTON

MECÁNICA EN GENERAL
Rúa Salvador, nº 23 -
Tfnos: 981 570 182 / 981 585 627
SERVICIO DE GRÚA
PERMANENTE
Tfnos: 981 521 719 - 981 531 498

Especialista en ABS e Inyección
Vehículos 4x4 y accesorios
especiales
Preparación vehículos de
competición y accesorios racing

La maquinaria más avanzada en equilibrado de discos de freno
Servicio Oficial: FONOS y LUCAS

Renault Kangoo 2006

Coa nova xeración do Kangoo, o fabricante francés Renault ofrece un maior abano de posibilidades de elección ó usuario, conxugadas en distintos niveis de equipamento (Base, Pack, Confort e Luxe) mentres que os Kangoo Express adoptan a definición de Confort, Confort Gran Volume e Combi Gran Volume.

O abano de propulsores que se abre nos Renault Kangoo é amplo. Dous deles de gasolina (1.2 e 1.6 litros, ambos con culata de 16 válvulas) e 3 de gasóleo (1.9 D de 65 CV, 1.5 dCi de 65 e 70 CV e 1.5 dCi de 80 e 85 CV). Se a iso se lle engade a posibilidade dunha tracción 4x4 sobre a motorización 1.6 de 16 válvulas, o cliente que adquira un Renault Kangoo da xeración 2006 vaise atopar cun vehículo moderno que xa cumpre a normativa anticontaminante Euro 4.

RENAULT

Volkswagen Crafter

O proceso de renovación da gamma dos Vehículos Comerciais de VW que comezou hai 3 anos co novo Transporter, e que continuou co novo Caddy, complétase agora co Crafter. Visualmente, este modelo non ten nada en común co seu predecesor, o LT. Un deseño atrevido no frontal, ópticas en formato vertical e molduras de protección lateral, caracterizan o moderno deseño deste vehículo comercial. O Crafter está equipado cunha caixa de cambios manual de 6 velocidades. Sobre a base do coñecido e probado motor TDI 2,5 litros de capacidade e 5 cilindros, a ampla oferta de potencias dispoñibles será de 109, 136 e 164 CV.

Fabia 1.4 TDI, un coche pouco bebedor

Percorrer 18.051 quilómetros por 30 países europeos en catro semanas consumindo menos de 1.000 euros en combustible, é un reto do que non todos poden saír airosos. Gerhard Plattner, o "Campión Mundial de condución económica", acaba de logralo conducindo un Skoda Fabia TDI de 70 cabalos.

Unha nova marca no seu haber xa que conseguiu facer todo o percorrido gastando só 745,77 euros, unha cifra que se logrou grazas a un consumo medio de tan só 3,94 litros cada 100 quilómetros. Ademais, en todo o percorrido só tivo que visita-lo taller unha soa vez para facer un cambio de aceite.

BREVES

■ **Durante** o período 1999-2003 as patoloxías profesionais do sector da automoción de Galicia experimentaron un descenso global, tanto na súa incidencia coma na súa frecuencia. As doenzas concéntranse no 90% en articulacións e músculos do tren superior. O 10% repártese entre afeccións dermatolóxicas e respiratorias, entre outras.

■ **A multinacional** tecnolóxica Intel asinou un acordo con BMW que contempla a colaboración dixital entre ámbalas empresas e o patrocinio do equipo da marca xermana de Fórmula 1. As dúas firmas van cooperar para crear un estándar aberto para que se poidan integrar no automóbil distintos dispositivos portátiles, como teléfonos, ordenadores e MP3.

■ **Honda** iniciará en xaneiro no mercado nacional a comercialización do novo Civic. Nunha primeira fase só se venderá a versión de 5 portas. O Civic estará dispoñible coas motorizacións de gasolina de 1.4 litros de 83 CV e 1.8 litros de 140 CV, en tanto que a mecánica diésel será o 2.2 litros de 140 CV. O modelo base custará 17.700 euros.

■ **Mazda** presentará no Salón do Automóbil de Detroit o modelo CX-7. Este automóbil, o primeiro de 3 vehículos deseñados e producidos especificamente para o mercado norteamericano, é unha mestura de coche deportivo e todoterreo, cun motor turboalimentado de 2.3 litros e inxección directa de gasolina que rende 244 CV.

■ **Un total de 1.300** traballadores da industria de automoción víronse afectados por Expedientes de Regulación de Emprego con medidas de extinción de contrato (despedimentos colectivos) nos oito primeiros meses do ano, o que supón triplica-la cifra de empregados contabilizada no mesmo período do 2004.

Escola de condución e seguridade Audi

Redacción
SPRINT MOTOR

A Escola de Condución e Seguridade Audi volve instalar, por terceiro ano consecutivo, a súa sede permanente en Grandvalira na área de Soldeu (Andorra).

Como nas anteriores edicións, o vehículo seleccionado por Audi para imparti-los seus recoñecidos cursos de condución sobre neve durante as fins de semana e días festivos da temporada de inverno é o novo A4 Avant. As instalacións da escola (gozarán de 7.200 m2) e permanecerán durante toda a campaña invernal 2006, coincidindo co patrocinio da estación andorrana de Grandvalira nunha impresionante paraxe ó redor dun lago e a 2.250 metros de altura.

O obxectivo destes cursos é proporcionar ós participantes as claves dunha condución segura nun medio ó que non están habituados, mediante a realización de distintas probas ó volante dos novos Audi A4 Avant sobre neve e xeo.

O Superb incorpora novos propulsores

Modelo	Acabado	P.V.P. recomendado (Euros)
Superb 1.9 TDI 105 CV	Classic	22.340
Superb 1.9 TDI 105 CV	Confort	23.170
Superb 2.0 TDI 140 CV	Classic	24.240
Superb 2.0 TDI 140 CV	Confort	25.070
Superb 2.0 TDI 140 CV	Elegance	29.050

O Skoda Superb incorpora a partir deste mes dúas novas motorizacións TDI, o dous litros e 140 CV de potencia e o 1.9 de 105 CV. Estes propulsores substitúen ós TDI de 101 e 130 cabalos. Un novo sistema que modifica a xestión da inxección, entre outras melloras, permite reducir significativamente as emisións de gases contaminantes.

Ford Fusion Tour. Etapa de Santiago

Solidaridade baixo a chuvia

F. Cuadrado / R. Mosquera
SPRINT MOTOR

Neste evento promocional de Ford compiten 10 cidades españolas. En cada unha delas haberá unha serie de divertidas probas, co fin de recadar fondos para unha asociación benéfica e ademais gozar dunha auténtica proba de condución ós mandos dos novos Ford Fusion.

En cada cidade fórmanse dez equipos de dous participantes cada un. Na nosa cidade, unha serie de personalidades, pilotos da Escuderia Compostela e xornalistas, foron os encargados de levar a cabo este interesante reto.

A cita foi no concesionario oficial de Ford en Santiago, **Gonzacar**, que dende o primero momento se volcaron na proba. Amosando a súa competencia, cordialidade e capacidade de traballo.

Cada equipo tivo a súa disposición un dos novos Ford Fusion 2006 equipados co innovador sistema VC2 de comando de voz.

Un total de 10 Ford Fusion TDCI e 20 persoas protagonizaron o percorrido en Santiago, pero foi o binomio formado por **Ray Mosquera** e **Marcos Paz** de *Sprint Motor*, quen se fixeron ca vitoria final, decidindo doa-lo premio de 500 euros en carburante BP a asociación: Síndrome de Down Compostela. A entrega do cheque foi realizada por, Roberto Vilar integrante do dúo cómico "Os Tonechos".

O Ford Fusion Tour foi gañado finalmente polos equipos da cidade de Sevilla.

Ford Fusion 2006

Cun novo frontal, luces e grella o Fusion amósase como un compacto prominente. Tamén destaca o seu renovado interior, con control electrónico de temperatura e auténtica tecnoloxía de gamma alta co sistema VC2 de comando de voz.

Hai ata dez versións de Ford Fusion con catro niveis de acabados. Dous con motores diésel 1.4litros de 68 CV e 1.6 litros de 90 CV, e outros dous a gasolina 1.4 litros de 80 CV e 1.6 litros de 100 CV. Todos dispoñibles, dende o pasado mes de novembro, na rede de concesionarios **Gonzacar**.



Toyota inaugura novas instalacións en Santiago

Redacción
SPRINT MOTOR

Compostela Móvil concesionario oficial de Toyota, que xa tiña presenza na nosa cidade, acaba de abri-las portas dun novo local no Milladoiro. Estas instalacións están dotadas dos últimos adiantos tecnolóxicos para o mantemento dos vehículos da marca xaponesa. A nave principal consta de 4.500 metros cadrados construídos en dúas plantas, tamén hai uns 3.500 de campa e outras instalacións que fan un total de máis de 10.000 metros cadrados para dar servizo ós usuarios e clientes de Toyota.

Os vehículos da marca terán asistencia global nestas novas instalacións: mecánica, chapa, pintura e electricidade teñen os seus espazos ben definidos para da-lo mellor servizo ós propietarios dun Toyota.

As expectativas de **Compostela Móvil** para o ano que ven son dun incremento das súas vendas de preto dun 20%. A gamma actual de Toyota abarca practicamente tódolos segmentos, dende o pequeno utilitario Aygo ata un líder de vendas dos 4x4, o todoterreo Land Cruiser.

Coa incorporación deste novo edificio Santiago de Compostela confírmase como unha das cidades galegas coas mellores instalacións ó servizo dos automobilistas.

A marca francesa Citroën co seu último modelo, o C6, coroa a gamma máis ampla e completa da súa historia, que na actualidade vai dende o pequeno C1 ata o monovolume C8. A súa silueta lembra, segundo o ángulo, un cupé elegante ou unha limusina de alto standing digna dun conselleiro.

Citroën C6, un coche digno dun Conselleiro

SPRINT MOTOR

O Citroën C6 propón unha nova concepción do posto de condución, que asocia un cadro de instrumentos depurado, pensado para o goce do condutor, cunha gran pantalla central e un sistema de pantalla virtual no parabrisas. Este último permite superpoñer á visión da estrada as informacións esenciais: velocidade, navegación... o que supón unha mellora importante da seguridade activa.

Este modelo dispón, en exclusiva dentro da gamma Citroën, dun freo de estacionamento eléctrico. Ademais, incorpora os sistemas intelixentes de axuda á condución xa presentes nos C4 e C5, como a alerta de cambio involuntario de carril, a axuda ó estacionamento dianteiro e traseiro, os faros bi-xenon autodireccionables e o regulador e limitador voluntario de velocidade, entre outros.

Para o Citroën C6 seleccionáronse dúas motorizacións V6 de gasolina e diésel, que favorecen a suavidade e o pracer de condución: o propulsor de gasolina de 3 litros de cilindrada, que desenvolve 215 CV, e o novo 2,7 litros HDi, de 208 CV, que está equipado co Filtro de Partículas. Ámbolos motores están asociados a unha caixa de cambios automática de seis velocidades.

En liña cos grandes Citroën, o C6 adopta unha nova suspensión Hidractiva asociada a un amortecemento variable, para conseguir un perfecto equilibrio entre confort, comportamento en estrada e dinamismo.

Seguridade en estrelas

O C6 superou con brillantez as probas de choque levadas a cabo por EuroNCAP, sitúandose ó máximo nivel no amparo de adultos e nenos. Ademais, convértese no mellor automóbil no que se refire á protección dos peóns. En protección de adultos, o C6 clasifícase na elite do segmento alto de gamma, con 5 estrelas e 34 puntos sobre un máximo de 37 puntos posibles. En canto a este apartado pero na versión infantil, sitúase ó nivel dos mellores, con 4 estrelas (sobre un máximo posible de 5). E en canto á protección dos peóns, destaca por se-lo primeiro automóbil no mundo que alcanzou o número máximo de estrelas posibles: 4.

FIAT Sedici, un vehículo singular

O Fiat Sedici é a fusión de diferentes tipos de automóbiles: combina o pracer de condución e as características de "hadling" dun compacto da marca italiana coas prestacións propias de todoterreo dun SUV (Sport Utility Vehicle). Ademais, a súa vocación "todoterreo" xa está contida no nome: de feito, en italiano, Sedici é o resultado "matemático" da sigla 4x4 que caracteriza os automóbiles de tracción total.

Proposto en dúas versións (Dynamic e Emotion) e dous motores (1.6 16V de 107 CV e 1.9 Multijet de 120 CV), o novo modelo concilia características aparentemente opostas: a habitabilidade coas dimensións compactas, a axilidade dunha berlina coas cualidades todoterreo dun SUV, un estilo do exterior orixinal cun deseño interior entregado á máxima funcionalidade.

❍ Fiscal
❍ Administrativo
❍ Mercantil

ASEGAL ASESORES

❍ Laboral
❍ Subvencións
❍ Familia

Telefóno: 981 80 73 01 Cacheiras s/n, 1ºA Teo (A Coruña)

Alfa Romeo 159

Unha gran berlina

César Raña
SPRINT MOTOR

O Alfa 159 ben a confirmar que a marca italiana ten dende hai anos (iniciouse co lanzamento do 156) un claro obxectivo, situa-la marca no mercado como unha das máis innovadoras e equilibradas na relación calidade/prezo.

Alfa Romeo, como italiana que é, tiña recoñecido no mercado a súa condición de ser das de mellor deseño, algo que non está disposta a perder. Pero dende o lanzamento do 156 tamén puxo un grande esforzo en facer coches fiables, tecnoloxicamente na vangarda, con boas prestacións e acabados e liñas atractivas. Así o Alfa 159 será un dos galos no segmento alto das berlinas actuais. Ten duros competidores sobre todo nos de fabricación xermana, non obstante parece que o reto e todo un aliciente.

A primeira vista o Alfa 159 resulta atractivo, da a impresión de ser un coche dos "grandes". Liñas suaves no frontal, pero con ángulos perfilados, para darlle ese "toque" deportivo que identifica dende sempre a Alfa Romeo, tamén o lateral e a parte alta posterior son atractivas e manteñen en conxunto unha imaxe agradable do Alfa 159.

O interior do 159 mantén un perfecto equilibrio con relación ó seu aspecto exterior. Bos acabados, materiais de calidade, espazo amplo nas prazas dianteiras e traseiras, asentos cómodos e un coidado deseño do salpicadeiro. Reloxos que ofrecen múltiple información ó condutor, climatizador bizonal na consola central, múltiples airbags para seguridade dos ocupantes e boa visibilidade nas amplas superficies acristaladas.

Postos ó volante deste Alfa, o condutor atópase ante un taboleiro atractivo e con toda a información necesaria para facer quilómetros. O asento con múltiples regulacións, así como o volante, posibilitan acomodarse a postura de cada condutor sen problemas, a maiores é cómodo e cunha magnífica suxección lateral. A unidade probada incorporaba o motor JTD de 150 CV e confirmaba as magníficas prestacións que en Alfa son capaces de obter dun propulsor a gasóleo. Para complementalas prestacións do propulsor o comportamento do 159 "é impecable". Lendo sobre o Alfa 159, atopamos unha opinión na que coinciden moitos dos probadores das mellores e máis recoñecidas publicacións do mundo do motor, o funcionamento dinámico do Alfa 159 e dos mellores do mercado, polo que dicilo, non é máis que confirmar o que opinan grandes experto.

Probámo-lo vehículo por estradas en bo estado, por autoestrada, por estradas secundarias e por cidade. Será difícil definir en cal se atopa o Alfa 159 na súa salsa. Na cidade o único en contra, por dicilo de algunha maneira, son os máis de 4,5 m de lonxitude á hora de atopar onde aparcalo. En autoestrada temos que te-la preocupación de ollar o contaquilómetros, xa que si nos fiamos da sensación de velocidade, podemos circular fóra dos límites sen percibilo. En estrada en bo estado, tipo nacional e algunha das vías rápidas da nosa comunidade, a comodidade e comportamento do 159 fan doado circular e facer quilómetros. En estradas secundarias, co trazado máis virado, e onde podemos descubri-las mellores respostas do Alfa 159. O comportamento e sorprendente, incluso en mollado.

O equipo para complementalas prestacións, os freos, están a altura do resto do coche. Discos de grandes dimensións dianteiros e discos traseiros, un equipo suficiente para o que podemos esixirlle a este automóbil.

Si co Alfa 156 a marca italiana iniciaba unha nova etapa, co 159 deixa unha pegada que é todo un reto para futuros modelos, non por facer un coche máis grande ou mellor, o reto estará en conseguilo equilibrio acadado co Alfa 159, que é sobre todo "unha gran berlina". Se pensa mudar de coche e o que quere e unha berlina, a nosa proposta e que pase por **APV Motor**, concesionario oficial Alfa Romeo, no Milladoiro antes de tomar unha decisión, probe o automóbil e logo decida. Lembran o anuncio do deterxente: "busque, compare e se encontra algo mellor cómpreo", tamén encaixa neste caso.

Un mundo máis verde (I)

A reciclaxe unha asignatura pendente

Féliz Doce
TEXTO

Bote un vistazo ó seu arredor. O aceiro do seu reloxo, a chapa do coche que acaba de adquirir, ou incluso o metal da cubertería coa que come poden estar fabricados con materiais reciclados procedentes de vellos vehículos. ¿É certo? Nada máis lexos da realidade; trátase da mellor forma de dosificar os recursos naturais limitados e conter o número dos vertedoiros de todo o mundo.

Un coche é en si mesmo un residuo tóxico se atendemos ós líquidos perigosos para o medio ambente tales coma o líquido de freos ou o aceite mineral lubricante, isto sen contar coa multitude de plásticos e metais. Un coche facilmente o compoñen máis de 5000 pezas. A maioría dos modelos actuais incorpora xa unha grande cantidade de pezas potencialmente reutilizables, máis do 75 % dos compoñentes, que poden ser aproveitadas para outros fins cando este chegue a vello. Estas van identificadas a tal efecto cun código. É máis, moitos vehículos comezan a instalar elementos confeccionados con materiais reciclados.

O sistema de reciclaxe se realiza de maneira moi similar para todos os vehículos. A segunda oportunidade destes materiais comeza no instante no que o vehículo remata a súa vida útil. Nese momento a compañía aseguradora -en caso de sinistro ou de que o coche fora dado de baixa- ou o concesionario -se chega por medio do 'Plan Prever'- venden o vehículo a un desguace, no que se realizan varios procesos. O primeiro e máis urxente é o coñecido coma descontaminación, que consiste na retirada dos fluídos -aceite do motor e cambio, gasolina, líquido de freos e anticonxelante- que poden supoñer un perigo medioambiental en caso de derrame. Estes elementos son extraídos por aspiración e se almacenan en contenedores herméticos ata a súa posterior recollida por xestores autorizados. O labor destes consiste en tratar quimicamente os líquidos para depositalos en vertedoiros ou entregalos para valorización enerxética, que non é outra cousa que a súa utilización coma combustible para as industrias cementeira -en caso do líquido de freos e o anticonxelante- ou eléctrica -para o aceite do motor-. Outros xestores encárganse de recoller as rodas en mal estado, que na maioría dos casos son recauchutadas e empregadas por vehículos industriais. Ademáis, existen proxectos experimentais que dan un novo uso á goma do pneumático, como o seu emprego en pantallas acústicas, pistas de atletismo ou alquitrán. Sen embargo, o mellor exemplo de reutilización no automóbil é o que efectúan os fabricantes de baterías, que en España trituran e reciclan o 100% dos seus materiais.

A directiva europea sobre o tratamento e reciclaxe dos coches usados que adoptará proximamente o Estado español co consenso da Asociación Española de Desguazadores e Recicladores (Aedra) deixa que os chatarreiros se organicen ó seu gusto e que o propietario do vehículo non teña que pagar taxa algunha de reciclaxe. Un total de 97 centros para o reciclaxe de vehículos fora de uso (VFU) operan xa en España, trala firma do acordo marco de colaboración entre as asociacións nacionais de fabricantes (Anfac), importadores (Aniacam), desguazadores (Aedra) e fragmentadores (FER) de vehículos. Esta rede concertada de Centros Autorizados de Tratamento (CAT), estendida por case que todo o territorio nacional, conta con outras 107 empresas que están tramitando a súa autorización, aínda que estes non entrarán en vigor ata que ditos centros non obteñan a aprobación definitiva.



SPRINT MOTOR

Fogaxe británica – flegma braileira

Nun conxuntado FW11B, chasis de Williams e motor Honda turbo, Piquet e Mansell dirimen o título do 1987 poñendo de manifesto dúas personalidades antiparadigmáticas.

As manseladas de Nigel

Ramón Novo Folgueira
TEXTO

Sen correr as dúas últimas probas no Xapón e en Australia, o británico NigelMansell asinara oito poles e seis vitorias, xusto o dobre có seu compadre en Williams, NelsonPiquet. O arroutado piloto dos bigotes era impararable cando enfilaba un obxectivo, independentemente dos efectos que conlevase, e por eso era amigo de forzar a máquina para conseguir o máximo premio arriscando o que fixera falta. Abonda con furgar pouco nas estatísticas para comprobar que a loita polo campionato é insostible se os triunfos non van escoltados con podios. Pois ben, o de Upton-on-Severn, trala experiencia dolorosa de perder no último instante ante Prost o campionato do 1986, caeu desarmado por segundo ano consecutivo ante outro mestre na materia coma Piquet, que terminou sete carreiras na segunda posición. Un repaso por Francorchamps, Silverstone e Suzuka dá conta dos mánseles que perduran na memoria:

En Bélxica, NigelMansell comete unha atrasnada marca da casa. Na primeira volta, un Lotus escaravella ata que se pon de primeiro e a Nigel non lle coce o xenio ir detrás del. Efectúa a manobra de adiantamento como se fora pasar a Nakajima pero era Senna. E bótanse fóra os dous. O brasileiro xa non sae da areeira e o outro abandona de alí a pouco cos baixos desfeitos. Non ben desabrocha os cintos, aló vai por Senna. Houbo que separalos agarrados dos colares.

A carreira do ano foi Silverstone. Piquet e Mansell saían os dous da primeira liña. Tras distanciaren a recua toda, Mansell osma os escapes de Piquet. A metade de carreira o número Williams-Honda número cinco métese nos garaxes e monta rodas novas. Pasan as voltas e Piquet non entra. Faltan menos de trinta voltas e lévalle uns vinte segundos. As contas son doadas: a segundo por volta. O británico corre na casa e cobre a volta rápida a unha media de 246 km/h. Cada vez máis cerca, estúdiao e xoga con el, ata que o papa a tres voltas do final. "Tralo cambio de rodas, faltaban trinta voltas e eu estaba a vinteoito segundos del. A tres voltas, xa o tiña a tiro. Ensinéilleme nas enlazadas Copse-Maggotts-Becketts. Na Hangar Straight era o sitio, pero non o momento". Mansell dá un quite cortando a traxectoria e Piquet vai con el coma se se reflectise nun espello". Piquet, ó seu, quedou de segundo sumido nas abstraccións que o facían tan competitivo, aínda que, diante del, Mansell fixera o amor a alaridos con todo Silverstone.

No GP do Xapón, penúltima corrida, Mansell máncase. Suzuka, o circuíto de Honda, acolle a fórmula 1 por primeira vez. Nos ensaios do venres morde un interior e sae escupido de traseira sen control. Ó rebotar contra as protecciónns, brinca e póusase nas catro rodas a un tempo. O impacto seco prodúcelle nas vértebras danos de consideración abonda como para servirlle en bandexa o título ó seu inimigo íntimo. Finais á maneira empezaban a ter copyright.

TriPiquet

NelsonPiquet está no grupo dos tri, pero en certos aspectos é coma JackBrabham, que non chega a significar o que de especial teñen Jackie, Niki e Ayrton. El era á maneira del, ou raro, e por observar máis que falar tiña pinta de ser bastante intelixente. Gustábanlle as bromas; unha vez entornoulle a Balestre unha botella de auga nun peto mentres pronunciaba unhas palabras sobre a seguridade; ninguén deu contido a risa, nin sequera o propio Balestre cando lle empezou a baixar a auga por el abaixo. Con bromas ou sen bromas, Piquet obtivo o terceiro título batendo a Prost, Senna e Mansell. En Imola, a segunda carreira do ano, uliu Tamburello a 290 Km/h. Puido controlar a Senna por chasis e a Prost por motor. Tiña na súa man non cebarse co disperso de Nigel… simplemente deixalo ir. Con todo e eso, ó brasileiro chovéronlle as tres vitorias: en Hockenheim, a Prost rómpelle a correa do ventilador a cinco voltas do final; en Hungaroring, a Mansell sóltaselle unha roda mal apertada a cinco voltas do final; e en Monza, Senna comete un erro adiantando a Ghinzani a sete voltas do final.

Non hai mellor cousa que oílo falar para captar a esencia de NelsonPiquet, cunha traxectoria nas pistas con fama de legal, intelixente, coñecedor das súas calidades e traballador incansable pero que como personaxe explotou unha imaxe pública controvertida: "Fixemos xuntos un traxecto lóxico, pero non comparto de ningunha maneira a forma de traballar desta escudería [Williams]. Non me gusta facer traballo de posta a punto de máis para compartir os puntos con outro [Mansell]"; "O meu equipo gasta millóns de dólares en facer eses fabulosos coches para que xogue, e aínda encima páganme un montón de diñeiro por guialos"; "Morro de medo arriba do auto, pero sempre saio a ganar"; "Senna parece un taxista de San Paulo"; "Cada vez que subía no auto sentía un medo terrible"; "Correr en Mónaco é como andar cun helicóptero nun aparcamento"; "Os títulos non me cambiaron a vida, só me deron máis diñeiro". "Eu e o Ayrton só tiñamos en común a nosa nacionalidade, a lingua que falabamos e a paixón desbocada polo automobilismo"; "Un xornalista desocupado escribiu no diario en letras grandes que eu cuestionaba a sexualidade de Senna porque me referín a el chamándolle veado, un termo que no Brasil cando dicimos de broma arranca gargalladas".

JR oterocaritón
RECAMBIOS DEL AUTOMÓVIL • MAQUINARIA DE AUTOMOCIÓN • PINTURAS EN GENERAL
Polígono Industrial del Tambre - Vía Edison, 30
T 981 958 340 (8 líneas) - 981 958 342 (Pintura) Fax 981 958 341
15890 SANTIAGO DE COMPOSTELA
www.oterocariton.com

STAR
SERVICIO TÉCNICO
AUTOREPARACIÓN
TALLERES DEL AUTOMÓVIL

Galego de slálom. V Slálom do Salnés

Ó final Iglesias

Miguel Cumbraos
TEXTOS

O circuito Paris Dakart, en Sanxenxo, foi o esceario da última proba do 2005, á postre decisiva. Boa inscrición cos habituais desta modalidade, ademais de diversos seguidores dos galegos de ralis e montaña.

Vencedor en Monterroso, a manga anterior, o pontevedrés Celestino Iglesias (Saxo VTS) non deu opción, facéndose coa victoria e o título autonómico. O seu principal rival, o santiagués Manuel Lojo, rematou moi retrasado non poidendo deste xeito renova-lo cetro obtido no 2004. Victor Senra e Bruno Meira completaron os postos de pódio nunha xeral de cincuenta e tres clasificados.

Isto do slálom é impresionante. Que maneira de toma-las curvas! EDU LAVANDEIRA

Previa - VII Rali de Inverno- Casino de La Toja

Do interior á costa

Miguel Cumbraos
TEXTOS E FOTOS

O "Rali Club de Inverno" ultima os detalles dunha nova edición da súa proba estrela, é dicir o "VII Rali de Inverno". A cita, unha das clásicas do calendario galego terá lugar os días 20 e 21 do próximo mes de xaneiro.

Cunha selecta lista de admitidos, que sobrepasan xa o número inicial de 80, o acontecmento terá como punto de saída común a localidade lucense de Monforte de Lemos. As tres da tarde do citado venres, os participantes chegados de varios puntos de Galicia, España e Portugal, iniciarán xunto ó Colexio da Compañía un percorrido por diversas estradas das provincias de Lugo e Pontevedra, para concluír na illa da Toxa.

O segundo día, con dúas paradas polo medio, será no asfalto das Rías Baixas e da Península do Barbanza, para remata-la xornada coa pertinente cea de gala na citada illa grovense, tras afrontar máis de 200 quilómetros nas dúas xornadas. Vehículos de coñecidas e prestixiosas marcas –Lancia, Porsche, Jaguar, Mercedes, MG, Lotus, Aston Martin, Masserati, Austin e BMW, entre outras– formarán parte da caravana que afrontará diversos puntos de gran beleza tanto do noso interior como da costa.

Nova ocasión para gozar cos clásicos deportivos en Galicia

Sprint MOTOR Venturoso 2006

Autocross: 4 horas de resistencia

Manda a experiencia

Os campións galegos Manuel Souto e Iván Ares, acompañados do vencedor a nivel nacional Perfecto Calviño (Citroën AX), dominaron a primeira edición das "4 Horas de resistencia", proba de autocross para vehículos de ata 1600 cc celebrada no circuito coruñés de Arteixo.

O segundo posto correspondeu ó equipo formado por Esperante, Brun e Fernández Gay, que alternáronse ó volante dun Peugeot 205. Outro idéntico modelo da firma do león, con Juan Gabriel Fernández, Iago Caamaño, Edgar Vigo e Héctor Pettinato situouse no terceiro lugar.

Galego de karting: Serra de Outes

Triste desaparición

Miguel Cumbraos
TEXTOS E FOTOS

O piloto caldense José Ramón Santos, que foi campión da Copa Clio Galicia no ano 2001, perdeu a vida nun tráxico accidente de circulación acontecido días atrás nas cercanías do seu propio domicilio. Santos, que obtivo o triunfo na derradeira proba do ano en aguerrida loita con Figueiras, retomara a competición no 2005, participando nos catro primeiros ralis do certame. Dende Sprint Motor lamentamos tan enorme desgracia, traslandando a toda súa familia as nosas máis sinceras condolencias

Cousas aclaradas

A pista do concello coruñés acollía a última carreira do 2005, que tan só tiña que aclara-lo título en ICC-125. Nesta categoría vitoria e entorchado para Carlos Sanmartín, que deste xeito acompañou ós xa laureados Álvarez (cadete), Santamaría (alevín), Filgueira (junior), Mella (senior) e Abadín (Inter-A).

Seguendo a falar desta modalidade, o circuito de Mosteiro foi o escenario da terceira edición da proba de resistencia, habitual nestas épocas do ano. Venceron Muíño (alevín-cadete), os irmáns Filgueira (junior), Álvaro Muñiz (senior) e Manuel Barreiro (ICC-125).

Felices festas Sprint MOTOR

O RUTÓMETRO



1 Un menos. Como aconteceu con outras marcas, dígase Peugeot ou Citroën, Mitsubishi ven de anuncia-la súa ausencia do mundial de ralis 2006. A nova anunciouse dende as altas esferas, retomando a marca nipona esta modalidade ó seu máximo nivel no 2008. A paralización desta actividade deportiva non atinxe ós plans en Todoterreo, nen en certames estatais, como é o caso do español.

2 Dobre programa. O actual campión do mundo, o cántabro Daniel Sordo, afrontará un dobre programa no 2006. Dunha banda repetirá a experiencia na categoría que liderou este ano, mentres que por outra participará en diversos ralis ó volante dun Xsara WRC. Marc Martí será o seu copiloto, estando aínda sen concretar certos apartados orzamentarios.

3 Muller, primeiro líder. No momento de redactar esta información o habitual Trofeo Andros xa cumplira dúas probas sobre xelo, unha delas na localidade andorrana de Pas de la Casa. O experimentado piloto francés Yvan Muller, próximo membro do equipo Seat no Mundial de Turimos, lidera a xeral provisional ó volante do seu Kia Rio, por diante de Dayraut e o seu BMW.

4 Sen repetición. O novidoso, popular e en certa medida polémico circuito urbano de Bilbao non volverá a acoller unha manga das World Series. A falta de consenso político, segundo comunicou o propio alcalde bilbaíno, Iñaki Azcuna, impide que os veloces monoprazas retomen o pulso da competición nas rúas da citada vila vasca.

Sprint Motor/Miguel Cumbraos
TEXTO E FOTOS

5 Ó final Araújo. O campionato portugués de ralis botou o seu peche no asfalto do Algarve, proba que ía ser determinante no desenlace do 2005. Novo título para Armindo Araújo e primeiro que obtén o veloz piloto luso coas cores de Mitsubishi, en concreto ó volante do seu coñecido e eficaz EVO VII MR.

6 Triste desaparición. O piloto británico Richar Burns, unha vez campión do mundo, e que fora oficial de Mitsubishi, Subaru e Peugeot, faleceu días atrás víctima dun tumor cerebral. Burns, que se sentiu indisposto cando, acompañado de Markko Martin, se dirixía ós recoñecementos dun rali RAC, deixara a competición á finais do 2002, sendo un 206 WRC o seu último coche.

7 Dobrete. Como aconteceu o pasado ano en Madrid, o equipo andaluz de Enduro proclamouse campión de España por equipos na proba celebrada en Almería. Pilotos como Cristóbal Guerrero, David López, Cuadrado, formaron parte dun conxunto que foi acompañado no pódio por Andorra e Valencia.

Desde Sprint MOTOR desexámosche un Bo Nadal

Copas AUTO-ESCOLA
FACEMOS CAMIÑO ENSINANDO A PERCORRELO
Hórreo nº 23 Santiago de Chile, 34
Telf: 981 56 22 11 Telf: 981 59 58 59
SANTIAGO DE COMPOSTELA

R'AUTOMÓVILES
Mantemento integral do automóbil
San Marcos, 72 Tfno.: 981 585 531
15890 - Santiago Móvil: 646 531 942

moto 93 ESPECIALISTAS EN MOTOS DE TRIAL
VENTA Y REPARACIÓN DE MOTOCICLETAS, SCOOTERS Y CICLOMOTORES
CEPEDA - OZA (TEO)
981 80 70 27 * 696 93 62 72 (MÓVIL)

PREZOS DE COCHES NOVOS

Talleres J. & M. Fernández

MILLADOIRO
Santiago de Compostela
Teléfono 981 53 11 56 - 981 53 01 24

Concesionario Oficial SUZUKI

MODELO	PREZO
ALTO 1.1	8.162
ALTO 1.1 AUT.	9.462
WAGÓN 1.3 DIESEL	12.662
WAGÓN R+1.3	10.862
WAGÓN R+1.3 AUT.	12.162
IGNIS 5P 1.3	12.162
IGNIS 5P 1.5 4X4	14.162
IGNIS 5P 1.3 DIESEL	13.662
LIANA 1.6 4X2	14.602
LIANA 1.6 4X2 AUT.	16.202
LIANA 1.6 4X4	16.202
LIANA 1.6 4X4 AUT.	18.202
GRAND VITARA 1.6	17.702
G. VITARA 1.6 AUT.	19.302
G. VITARA 2.0 3P DLX	19.710
G. VITARA 2.0 DIESEL	18.202

SUZUKI IGNIS

AUDI A2	desde	18.760 €
AUDI A3	desde	21.820 €
AUDI A3 Sportback	desde	22.570 €
AUDI A4	desde	28.050 €
AUDI A4 Avant	desde	29.350 €
AUDI CABRIO	desde	35.470 €
AUDI TT Roadster	desde	33.090 €
AUDI TT Coupé	desde	30.330 €
AUDI A6 (Nuevo)	desde	36.110 €
AUDI A6 Avant	desde	38.480 €
AUDI ALLROAD	desde	46.000 €
AUDI A8	desde	69.350 €

Brea Hervés
Ct. N-550, Km. 59-Rúa do Cruceiro, 103
A Pulleira - Santiago de Compostela
Telf.: 981 56 97 00
www.grupo-brea.com
25 AÑOS

Modelo		Prezo
147	desde	14.840
156 CROSSW	desde	31.300
159	desde	28.100
166	desde	27.830
GT	desde	24.370

Alfa Romeo

APV Motor

Avda. Rosalía de Castro (Milladoiro)
Teo - Santiago
Teléfono 981 53 40 57

FABIA	desde	11.130 €
FABIA COMBI	desde	13.100 €
FABIA SEDÁN	desde	13.100 €
OCTAVIA TRADITION	desde	17.070 €
OCTAVIA TRAD. COMBI	desde	20.540 €
NUEVO OCTAVIA	desde	16.860 €
SUPERB	desde	24.150 €

Brea Automoción
Vía Edison esquina Copérnico
Pol. Ind. del Tambre - Santiago
Telf.: 981 51 97 37
25 AÑOS

Nuevo Fox

FOX	desde	10.500 €
POLO	desde	11.325 €
GOLF	desde	14.990 €
GOLF PLUS	desde	18.965 €
GOLF VARIANT	desde	20.068 €
BEETLE	desde	19.745 €
BEETLE CABRIO	desde	24.125 €
BORA	desde	19.210 €
PASSAT	desde	21.225 €
PASSAT VARIANT	desde	24.660 €
PHAETON	desde	65.820 €
TOURAN	desde	21.085 €
SHARAN	desde	29.185 €
TOUAREG	desde	46.350 €

Brea Hervés
Polígono del Tambre - Vía Isaac Peral, 8-18
Santiago de Compostela
Telf.: 981 55 29 00
www.grupo-brea.com
25 AÑOS

NESTA PÁXINA ATOPARÁ OS MELLORES PREZOS DO MERCADO DO AUTOMÓBIL

IBIZA	desde	11.305 €
CORDOBA	desde	12.654 €
LEON	desde	16.190 €
ALTEA	desde	16.195 €
TOLEDO	desde	17.295 €
ALHAMBRA	desde	23.460 €

Brea Motor
Polígono del Tambre - Vía Pasteur, 8
Santiago de Compostela
Telf.: 981 55 26 00
www.grupo-brea.com
25 AÑOS

Talleres J. & M. Fernández

MILLADOIRO
Santiago de Compostela
Teléfono 981 53 11 56 - 981 53 01 24

Concesionario Oficial KIA

MODELO	PREZO
PICANTO 1.0 LX	8.980,00
PICANTO 1.1 LX	9.580,00
PICANTO 1.1 EX	10.000,00
RIO 1.3 5P RS	10.915,00
RIO 1.3 4P LS	11.515,00
RIO 1.5 5P LS	12.060,00
CERATO 1.6LX4P/5P	14.101,00
CERATO 2.0 EX 4P	17.100,00
CERATO 2.0 EX 5P	17.600,00
CERATO 2.0 CRDI LX 4P/5P	15.801,00
CERATO 2.0 CRDI EX 4P	17.801,00
CERATO 2.0 CRDI EX 5P	18.300,00
MAGENTIS 2.0 EX	21.725,00
OPIRUS 3.5 V6 EX	30.000,00
CARENS 1.6 LX	16.230,00

A ACTUALIDADE DO MOTOR

Tódolos dereitos reservados. Esta publicación non pode ser reproducida ou rexistrada por ningún medio mecánico ou electrónico sen o permiso previo, e por escrito, da Editorial.

Redacción e administración:
URBANIZACIÓN SAN SADURNIÑO, RÚA B, Nº 21
TEO (A CORUÑA).
Teléfono 981 801 458

Sprint MOTOR

Fernando Alonso en Galicia?

Pois si señoras e señores. O campionísimo da Fórmula 1, ese mozo prodixio da condución chamado Fernando Alonso estivo por Galicia varios días durante o mes de novembro e decembro. E aínda que estivo en case tódalas grandes cidades galegas pode que vostede, despistado viandante, non o vise. Pero estar estivo. Non en corpo pero si en alma. E a súa alma mide 4 metros de longo e 1,8 de ancho. Ten nome, chámase Renault, ademais ten catro rodas e dúas cores, azul e amarela.



Edu Lavandeira
TEXTO E FOTOS

Ó que imos, o Renault 24 co que Fernando Alonso competiu na temporada do 2004, é dicir, a temporada anterior á consecución do título, estivo lucindo "palmiño" estes días por terras galegas. A pesar de que non era co que gañou o campionato arrasou alí onde estivo. Exposto nos lugares máis céntricos de cidades como Vigo, Santiago, Ourense ou Pontevedra entre outras, e aínda que fose movido en carriño pola marca comercial que o trouxo ata aquí, deceas e deceas de curiosos se achegaron ata el. Tocáronno, (tocámolo), mirámolo dende un ángulo, dende outro, haber como son as rodas, o interior, a chapa, o volante… Todos e cada un dos recunchos do R24 de Fernando Alonso foron revisados minuciosamente polos curiosos e curiosas que toparon de fronte e por sorpresa co F1 do campeón asturiano. Unha auténtica xoia de enxeñería automobilística actual.

Por momentos era tal a sorpresa que a xente non daba crédito.

-¡É unha maqueta moi boa eh!

-Si si, non é pero é igualiño.

Pois si, si que era. Era o coche de Fernando Alonso. El non estaba pero a súa presenza palpábase no ambiente a través da súa alma. A alma Renault, con dimensións rodas, pegatinas e cores. Iso si, de circular ou cando menos acendelo para escoita-lo ruxido de tódolos seus cabalos desbocados, nada de nada. El como se fose un señor, en carriño de aquí para alá. Así se mantén.

HYUNDAI CONCESIONARIO OFICIAL

XACOBEO MOTOR, S.L.

GETZ 1.5 CRDI GL 3P 82 CV	**FEBRERO05**	**KM 0**	**9.800 euros**
MATRIX 1.5 CRDI GLS ABS 102 CV	FEBRERO05	KM 0	12.600 euros
GETZ 1.1 GL 5 P AA 63 CV	**FEBRERO05**	**KM 0**	**9.000 euros**
SANTA FE 2.0 CRDI 4X4 112 CV	DICIEMBRE04		21.500 euros
ACCENT 1.5 GLS 5P 102 CV	**2004**		**9.000 euros**
GETZ 1.5 CRDI GLS FULL 3P 82 CV	2004		10.500 euros

>> Exclusivos Vehículos de Flota <<

Teléfonos: 981 56 96 32 - 981 56 96 30 – Boisaca - SANTIAGO